



TURISMO  
DE  
GALICIA

galicia

# CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

---

**Datos provinciais**  
**Marzo 2024**

PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	%	Var. Int. 24/23
HOTEIS	110.427	11,4%	199.609	9,4%	1,81	-1,7%	38,61%	3,00
PENSIÓNS	30.569	25,2%	51.357	5,1%	1,68	-16,1%	25,48%	3,06
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>140.997</b>	<b>14,1%</b>	<b>250.966</b>	<b>8,5%</b>	<b>1,78</b>	<b>-4,9%</b>	<b>34,94%</b>	<b>3,26</b>
APTOS. TURÍSTICOS	7.231	34,7%	14.766	19,2%	2,04	-11,6%	18,04%	0,12
CAMPINGS	2.312	101,7%	4.021	130,7%	1,74	14,3%	8,06%	0,66
TURISMO RURAL	3.903	133,4%	5.944	143,0%	1,52	4,1%	16,32%	9,27
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>13.446</b>	<b>64,3%</b>	<b>24.731</b>	<b>49,2%</b>	<b>1,84</b>	<b>-9,2%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>154.443</b>	<b>17,2%</b>	<b>275.697</b>	<b>11,2%</b>	<b>1,79</b>	<b>-5,1%</b>	-	-

- Na provincia de A Coruña rexístranse neste mes de marzo 154 mil viaxeiros aloxados e preto de 276 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento, cifras que superan os datos do pasado ano -nun 17% a cifra de viaxeiros e nun 11% o volume de noites- para situarse tamén por encima dos niveis de 2019, anteriores á pandemia. En concreto supéranse nun 32% o volume de noites de hai cinco anos.
- Con este incremento A Coruña consolida e reforza a dinámica positiva observada nos últimos meses, acentuado ademais pola celebración da Semana Santa.
- Co 44% do total da comunidade A Coruña é a provincia de maior peso en Galicia no mes de marzo. Tal circunstancia é habitual na nosa comunidade sobre todo nos meses de temporada baixa -coa excepción do pasado mes de decembro de 2023 cando puntualmente Pontevedra se situou como a provincia de maior volume e peso en Galicia-. Descende en cinco puntos o peso rexistrado nos dous últimos meses.
- O bo comportamento da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en todas as tipoloxías de aloxamento, con diversa intensidade. Así o volume de noites sobe de forma notable nos cámpings e no segmento de turismo rural -en máis do dobre en ambos- e, pola contra, de modo máis suave no ámbito hoteleiro -nun 9% nos hoteis nun 5% nas pensións-.

- A Coruña é a provincia co crecemento máis potente e intenso nos cámpings e nos aloxamentos de turismo rural e, pola contra, a que rexistra a suba menos notable nos hoteis. Comparte con Lugo e Pontevedra a homoxeneidade no comportamento positivo da demanda en todas as tipoloxías de aloxamento.
- En A Coruña o 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 72% nos hoteis e un 19% nas pensións-. O 9% restante repártese entre os apartamentos turísticos, os cámpings e os establecementos de turismo rural –con maior volume e peso para os primeiros-. Esta distribución é propia dun período de temporada baixa e cambia en relación á observada no verán, con notable peso do segmento hoteleiro, sobre todo dos hoteis –que absorben tres de cada catro noites totais-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase que o 72% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, porcentaxe que inclúe ao mercado interno, dos residentes en Galicia –supón o 23%- e ao receptor nacional, españois que proceden doutras comunidades autónomas –segmento maioritario que representa o 49% do total da demanda-. É o quinto mes consecutivo no que o turismo receptor nacional lidera o mercado hoteleiro na comunidade. O 28% restante corresponde ao turismo internacional.
- Neste ámbito concreto apréciase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado, con variacións de diversa intensidade. Así, neste mes increméntase o turismo de ámbito nacional –nun 4% o interno e nun 8% o que procede do resto do Estado- así como o internacional –de forma máis intensa, nun 14% neste caso-.
- Por vez primeira nos últimos catro meses obsérvase un comportamento positivo do turismo internacional en A Coruña, rompendo puntualmente a serie de caídas consecutivas desde decembro. Desta maneira o nivel final fica en 71 mil noites só no ámbito hoteleiro.
- A Coruña é a provincia con menor peso do mercado interno e, en paralelo, a que presenta maior cuota do mercado internacional Absorbe ademais boa parte do turismo estranxeiro en Galicia –o 58% das noites internacionais computan nesta provincia-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento tamén parello a nivel de mercados. Así, neste mes increméntase o turismo de ámbito nacional –nun 18%, segmento maioritario que supón o 76% das noites- e o internacional –nun 24% neste caso-.
- Con 1,8 noites de estadía media a provincia de A Coruña sitúase neste mes no contorno do valor medio do conxunto da comunidade, descendendo un 5% en relación ao pasado ano. Xunto con Lugo marca a cifra máis baixa de todas as provincias galegas.
- Os apartamentos turísticos –con 2,0 noites de media- rexistran os valores máis elevados de toda a oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican por debaixo das dúas noites –con 1,8 noites os hoteis, arredor de 1,7 noites as pensións e os cámpings, e 1,5 noites os aloxamentos de turismo rural-.
- En termos comparativos os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural rexistran en A Coruña o nivel máis baixo de estadía media de todas as provincias.



- En termos de ocupación obsérvase unha evolución relativamente parella ao observado do lado da demanda, con pequenos matices. Así, sobe e mellora a porcentaxe do pasado en todas as modalidades agás nos apartamentos turísticos e nos cámpings onde se mantén estable -por un incremento da oferta dispoñible similar en intensidade á suba da demanda-.
- As melloras sitúanse nos tres puntos porcentuais no ámbito hoteleiro -tanto para hoteis como para pensións-, e superan os nove puntos no segmento de turismo rural.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 38,6% de media. No lado contrario a porcentaxe máis baixa cae do lado dos cámpings, cun 8,0% de media neste caso.
- Tres tipoloxías en concreto -os hoteis, as pensións e os apartamentos turísticos- rexistran en A Coruña o nivel de ocupación máis alto de toda Galicia.

PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	%	Var. Int. 24/23
HOTEIS	32.359	29,9%	56.290	31,7%	1,74	1,4%	33,21%	5,01
PENSIÓNS	10.890	15,4%	16.703	13,2%	1,53	-2,0%	18,37%	2,10
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>43.249</b>	<b>25,9%</b>	<b>72.993</b>	<b>26,9%</b>	<b>1,69</b>	<b>0,8%</b>	<b>28,03%</b>	<b>4,30</b>
APTOS. TURÍSTICOS	4.865	236,0%	12.376	105,2%	2,54	-38,9%	21,67%	9,26
TURISMO RURAL	2.671	132,3%	5.343	180,3%	2,00	20,7%	12,76%	7,12
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>7.536</b>	<b>190,1%</b>	<b>17.719</b>	<b>123,2%</b>	<b>2,35</b>	<b>-23,0%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>50.785</b>	<b>37,5%</b>	<b>90.712</b>	<b>38,6%</b>	<b>1,79</b>	<b>0,8%</b>	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural.
- En Lugo rexístranse neste mes de marzo 51 mil viaxeiros aloxados e 91 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento considerada, cifras que superan os niveis do pasado ano -nun 37% a cifra de viaxeiros e nun 39% o volume de noites-. Esta dinámica permite á provincia situarse tamén por encima dos niveis previos á pandemia, de 2019 –nun 41% neste caso-.
- Lugo é, xunto con Pontevedra, a provincia de mellor comportamento da demanda neste segundo mes de 2024 -presenta o incremento de maior intensidade-. Tal circunstancia aconteceu tamén no pasado mes de febreiro.
- O 80% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 62% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 20% restante repártese entre os apartamentos turísticos -co 14%- e os establecementos de turismo rural –co 6% neste caso-. Esta distribución correspóndese en realidade cun mes de temporada baixa, cun peso relativo inferior do segmento non hoteleiro fronte ao que se observa no verán.
- O comportamento da demanda non cambia en relación ás tipoloxías de aloxamento. Así o volume de noites increméntase no segmento hoteleiro -un 32% nos hoteis e un 13% nas pensións- así como nos apartamentos turísticos e nos aloxamentos de turismo rural -en máis do dobre en ambos-.

- Lugo é a provincia con mellor comportamento nos apartamentos turísticos e nos aloxamentos de turismo rural -presenta en ambas o incremento de maior intensidade-.
- Con datos do sector hoteleiro -que presenta unha dinámica global positiva- apréciase neste mes un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido increméntase tanto o turismo de ámbito nacional -nun 12% o interno e nun 27% o que procede do resto do Estado- como o internacional -nun 65% neste caso-.
- O comportamento dos diferentes mercados leva a pequenos cambios na estrutura da demanda en Lugo en relación ao pasado ano, perdendo peso o mercado interno -arredor de catro puntos-, manténdose estable o receptor nacional e gañando peso, en paralelo, o internacional -en catro puntos neste caso-.
- Por vez primeira neste ano o mercado receptor nacional sitúase como o segmento de maior volume e peso na provincia, absorbendo o 50% do total das noites hoteleiras. O interno supón o 33% ficando o 17% restante para o internacional. Neste punto, e a pesar do crecemento observado agora en marzo, o turismo estranxeiro continúa a ter un baixo peso en Lugo.
- No ámbito dos apartamentos turísticos tamén se observa un comportamento positivo dos dous grandes segmentos de mercado, dobrando ambos os niveis de demanda do pasado ano. O mercado nacional supón neste ámbito o 83% do total das noites.
- A estadía media en Lugo mantense estable en relación ao pasado ano con 1,8 noites -xunto con A Coruña marca a cifra máis baixa de todas as provincias galegas-.
- Con 2,5 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta de aloxamento na provincia. Marcan distancia respecto das restantes tres modalidades que presentan valores algo dispares -con dúas noites os aloxamentos de turismo rural, 1,7 noites os hoteis e 1,5 noites as pensións.
- Os hoteis e as pensións marcan en Lugo o valor da estadía media máis baixo de todas as provincias neste mes de marzo. En cambio, os aloxamentos de turismo rural rexistran o valor máis elevado de toda Galicia.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello neste mes. Así, increméntase en todas as tipoloxías con diversa intensidade: en dous puntos nas pensións, en cinco puntos nos hoteis, en sete puntos nos aloxamentos de turismo rural e en nove puntos nos apartamentos turísticos.
- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste terceiro mes do ano, cun 33,2% de media. No lado contrario a cifra máis baixa queda no aloxamento de turismo rural, cun 12,8% neste caso. Os apartamentos turísticos rexistran en Lugo o nivel de ocupación máis alto de toda a comunidade.

PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	%	Var. Int. 24/23
HOTEIS	23.907	15,0%	43.276	20,2%	1,81	4,5%	33,90%	4,52
PENSIÓNS	2.808	10,3%	5.270	-22,3%	1,88	-29,5%	13,14%	-1,24
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>26.715</b>	<b>14,5%</b>	<b>48.546</b>	<b>13,5%</b>	<b>1,82</b>	<b>-0,9%</b>	<b>28,93%</b>	<b>3,72</b>
APTOS. TURÍSTICOS	922	20,5%	2.152	32,1%	2,33	9,6%	20,30%	6,03
TURISMO RURAL	2.450	46,6%	4.071	67,1%	1,66	14,0%	15,90%	5,49
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>3.372</b>	<b>38,4%</b>	<b>6.223</b>	<b>53,1%</b>	<b>1,85</b>	<b>10,6%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>30.087</b>	<b>16,8%</b>	<b>54.769</b>	<b>16,9%</b>	<b>1,82</b>	<b>0,1%</b>	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Ourense presenta neste mes un comportamento equivalente ao observado nas restantes provincias. Neste sentido, o nivel de demanda increméntase nun 17% -volumen de noites- como consecuencia dunha suba parella da cifra de viaxeiros aloxados nun contexto de estabilidade da estadía media.
- Con 30 mil viaxeiros aloxados e preto de 55 mil noites Ourense absorbe o 9% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso neste mes de marzo.
- En Ourense o 89% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 79% nos hoteis e un 10% nas pensións-. O 11% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun peso superior para os aloxamentos de turismo rural -co 7%- fronte aos apartamentos turísticos -que representan o 4% neste caso-.
- O reparto da demanda entre as diferentes tipoloxías mantense relativamente estable en relación ao observado nos últimos meses, consolidándose o forte peso do segmento hoteleiro -oito de cada dez noites en Ourense corresponden só aos hoteis-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo a nivel das diferentes tipoloxías. Neste sentido increméntase o nivel de demanda en tres delas -un 20% nos hoteis, un 32% nos apartamentos turísticos e un 67% no segmento de turismo rural-, descendendo unicamente nas pensións -un 22% neste caso-.



- Ourense é a única provincia con comportamento negativo das pensións, rexistrando ademais un descenso de notable intensidade. Tal circunstancia acontecera xa no pasado mes de febreiro e chama a atención xustamente agora en marzo no que se observa un incremento global en todas as modalidades de aloxamento e en todas as provincias.
- Con datos do sector hoteleiro -que absorbe o 90% da demanda- obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado, cunha dinámica en todo caso diferente á das restantes provincias. Neste sentido incrementábase unicamente o turismo receptor, o que provén de fóra de Galicia -nun 28% aquel de ámbito nacional e nun 24% o internacional-, ficando estable o interno, o dos residentes na comunidade.
- Con esta dinámica a estrutura do mercado hoteleiro na provincia fica cun notable peso do turismo de ámbito nacional -co 45% das noites para os residentes en Galicia e tamén co 45% para os que proceden do resto do Estado-, quedando reducido ao 10% o peso do segmento internacional na provincia.
- Neste sentido Ourense é a provincia con maior peso do mercado interno dentro da estrutura da demanda hoteleira e, en paralelo, a que ten menor peso do segmento estranxeiro. Dita estrutura cambia en relación ao pasado ano, diminuindo o peso do turismo interno -en case seis puntos ata marcar un mínimo da serie histórica- e incrementándose en paralelo o receptor -en cinco puntos aquel de orixe nacional e nun punto o internacional-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase igualmente un comportamento parello a nivel de mercados. Así incrementábase o turismo de ámbito nacional -nun 30%, segmento maioritario na provincia- e o internacional -nun 82% neste caso-.
- A estadía media en Ourense sitúase en 1,8 noites, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano.
- Con 2,3 noites de media os apartamentos turísticos marcan neste mes o valor máis elevado da oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican por debaixo das dúas noites -con 1,9 noites as pensións, 1,8 noites os hoteis e 1,7 noites os aloxamentos de turismo rural-.
- A dinámica dos niveis de ocupación vai na liña do observado do lado da demanda. Así mellora en tres modalidades -en máis de catro puntos nos hoteis, en máis de cinco puntos nos aloxamentos de turismo rural e en seis puntos nos apartamentos turísticos-, caendo unicamente nas pensións -en algo máis dun punto neste caso-.
- Cun 33,9% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. As restantes tres tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior, do contorno do 20% os apartamentos turísticos, do 16% os aloxamentos de turismo rural e do 13% as pensións-.
- As pensións rexistran en Ourense o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade.



**PROVINCIA DE PONTEVEDRA**


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	Nº	Var. Int. 24/23	%	Var. Int. 24/23
HOTEIS	87.539	33,1%	177.111	49,2%	2,02	12,1%	33,59%	5,04
PENSIÓNS	6.202	61,0%	12.798	18,2%	2,06	-26,6%	16,22%	0,01
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>93.741</b>	<b>34,7%</b>	<b>189.908</b>	<b>46,6%</b>	<b>2,03</b>	<b>8,9%</b>	<b>31,31%</b>	<b>4,48</b>
APTOS. TURÍSTICOS	2.320	45,5%	8.364	48,6%	3,61	2,2%	8,73%	-1,13
TURISMO RURAL	1.872	24,7%	3.489	33,7%	1,86	7,2%	8,09%	1,94
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>4.192</b>	<b>22,1%</b>	<b>11.853</b>	<b>35,5%</b>	<b>2,83</b>	<b>47,2%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>97.933</b>	<b>34,1%</b>	<b>201.761</b>	<b>36,4%</b>	<b>2,06</b>	<b>1,7%</b>	-	-

- Neste mes o INE tampouco ofrece datos de cámpings para a provincia de Pontevedra, por un problema de representatividade da mostra. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra aseméllase ao observado nas restantes provincias. Neste sentido presenta unha dinámica positiva, cun incremento global tanto da cifra de viaxeiros aloxados -do 34%- coma do volume de noites -do 36%- en relación ao pasado ano. Tal circunstancia leva ao conxunto dos aloxamentos turísticos da provincia a situarse tamén por encima dos niveis de 2019 -nun 27% neste caso-.
- Desta maneira o volume global de demanda fica en preto de 202 mil noites, o 32% do total da comunidade. Neste sentido Pontevedra sitúase novamente como a segunda provincia de maior peso en Galicia -lidera o turismo na comunidade no terceiro trimestre-.
- O comportamento positivo da demanda na provincia vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en todas as modalidades de aloxamento, con subas do 47% no ámbito hoteleiro -do 49% nos hoteis e do 18% nas pensións- así como nos apartamentos turísticos -do 49%- e nos aloxamentos de turismo rural -do 34% neste caso-.
- A nivel interno obsérvase que o 94% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis -absorben o 88%- e ás pensións -co 6% neste caso-. O 6% restante concéntrase en dúas modalidades cun peso superior para os apartamentos turísticos -absorben o 4% do total- fronte aos aloxamentos de turismo rural -que representan o 2% neste caso-.


- Con isto nove de cada dez noites rexístranse nunha soa modalidade -os hoteis-, de aí que o seu comportamento teña unha notable influencia na dinámica global. Así, Pontevedra é a provincia con maior peso dos hoteis e menor peso das restantes modalidades neste terceiro mes do ano.
- A nivel de mercados, dentro do ámbito hoteleiro, rexístrase un comportamento equivalente ao observado nas restantes provincias. En concreto, increméntase neste mes o turismo interno -nun 22%- así como o receptor, nun 72% aquel que procede do resto do Estado - a porcentaxe máis elevada de todas as provincias- e nun 44% o estranxeiro.
- As diferenzas de intensidade de crecemento provoca leves cambios na estrutura da demanda. Así neste mes descende o peso do turismo interno -en case sete puntos porcentuais-, increméntase o do mercado receptor -tamén en sete puntos- e mantense estable o internacional.
- Así, o segmento de maior peso na provincia é o receptor nacional -españóis procedentes doutras comunidades autónomas-, que supoñen o 48% do total da demanda hoteleira. O mercado interno representa o 34% ficando o 18% restante para o internacional.
- No lado dos apartamentos turísticos, segmento no que o turismo nacional supón o 74% do total das noites, o comportamento dos dous segmentos de mercado é parello. Sobe aquel de ámbito nacional -nun 41%- e o internacional -nun 74% neste caso-.
- A estadía media nos aloxamentos colectivos de Pontevedra sitúase en 2,1 noites, cifra que apenas varía tanto en relación ao pasado ano como en comparación co valor de 2019. É a cifra máis elevada das catro provincias galegas.
- Neste contexto a estadía media varía segundo a modalidade de aloxamento. En particular, acada as 3,6 noites nos apartamentos turísticos, sitúase no contorno das dúas noites nos hoteis e nas pensións e baixa a 1,9 noites nos aloxamentos de turismo rural.
- En termos de ocupación obsérvase neste mes un comportamento algo variable en contra do observado do lado da demanda. En síntese sobe e mellora o dato do pasado ano unicamente nos hoteis -en cinco puntos porcentuais- e nos aloxamentos de turismo rural -en dous puntos neste caso-, mantense estable nas pensións e descende nos apartamentos turísticos -en pouco máis dun punto como consecuencia dun incremento das prazas ofertadas superior ao do volume de noites-.
- Tamén en Pontevedra os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis alto da oferta colectiva cun 33,6% de media neste mes de marzo. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase no aloxamento extrahoteleiro cun 8% de media no aloxamento de turismo rural.
- Dúas tipoloxías -os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural- rexistran en Pontevedra a porcentaxe de ocupación máis baixa de todas as provincias.




Reparto da demanda turística nos alox. colectivos. Noites marzo 2024



Variación da demanda turística nos alox. colectivos. Noites marzo 2024/23



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites marzo 2024



Estadía media, por tipoloxía e provincia. Marzo 2024

